



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2007**

**ALCALDE:** D. Jesús Vazquez Almuiña

**CONCELLEIROS:**  
D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote  
Dña. Teresa Perez Vieira  
Dña.Laura Miguez Pérez

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

**NON ASISTIU:** D.Manuel Rafael Estévez González

**SECRETARIA:** Dña.Susana Gallardo Fariña

**INTERVENTORA:** Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a nove de novembro de dous mil sete, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as nove horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, comentando que este Pleno extraordinario celebrase fundamentalmente por tema de prazos, tratando de que a modificación de crédito que se presenta hoxe aquí poida entrar en vigor antes de acaba-lo ano, sobre todo, e prioritariamente, para tratar de que a Gardería Municipal entre en funcionamento o antes posible. Pásase ó tratamiento dos asuntos contidos na Orde do día.

**1.-MODIFICACION DE CREDITO 4/2007.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP.

**SR.RODAL.-** Debido o informe extraordinario de previsión do incremento económico da obra do Centro de Atención á Primeira Infancia, remitido pola Dirección facultativa da obra, fai escasos días, no que se describen as labores de continuidade das obras, reparacións, melloras no proxecto de execución, así como os excesos de medicións, e ante a finalización da obra, é necesario incrementar a consignación orzamentaria de inversión e así o elevamos a este Pleno para que así se apruebe o expediente de modificación de crédito 04/07, sendo de urgencia a mesma para tramitálo ante a necesidade de que entre en vigor no ano que estamos, 2007, e así cumplir os períodos pertinentes para sua publicación nos Boletíns Oficiais, de ahí que non se poidera esperar ata o próximo Pleno Ordinario.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Para finalizar ten que quedar claro que dito expediente de modificación de crédito se financia na sua integridade pola anulación doutras partidas do Orzamento de Gastos de inversión que neste intre non están comprometidas, polo que esta modificación non supón, en ningún caso, un incremento do gasto.

SR.LORES, PSOE.- Hai cousas que poderíamos aceptar nesta modificación de crédito por considerarse urxentes, pero hai outras que non entendemos, nalgúns casos nin a urgencia, nin noutrous que se poidan levar adiante simplemente con esta documentación que se nos presenta.

En principio, pedimos que se retiren deste expediente de modificación de crédito o Convenio da Deputación para o peche do Aral e o equipamento informático para a oficina de concelleiros, porque creemos que o Convenio necesita dun debate distinto e o equipamento informático en principio non entendemos que sexa un expediente urxente, si esto se vai a tramitar agora, dentro dun mes sería hábil, polo tanto quedarían 20 días para a prórroga do seguinte orzamento, ou aprobación doutro; polo tanto non entendemos que nesta modificación se inclúan estes dous conceptos.

Con respecto á construción do Centro de Atención primaria, entendemos que xa tiña que estar feito e que incluso houbo falta de interés polo equipo de goberno, xa tiña que estar en funcionamento nestes intres.

Pola nosa parte vamos a favorecer todo aquelo que sirva para pór en funcionamento un servizo imprescindible para Baiona como é o Centro de Primeira Infancia, e que tamén por parte da Xunta de Galicia se considera importante, polo que vamos a apoiar este tema; o resto das inversións non teríamos tampouco ningún inconvinte en aprobálas excepto eses dous conceptos dos que falei e que pedimos que se retiren deste expediente.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Me gustaría que nos explicaran dunha vez este incremento que sufre o Centro de Primeira Infancia, a Gardería, unha vez lido o informe extraordinario da previsión do incremento económico da obra, o cal asina como dirección da obra Dna.Patricia Alonso Alonso, e que nos dí todalas irregularidades que existen nesta obra municipal, obra conveniada coa Consellería de Benestar, que sufre un importante aumento.

A Directora desta obra nos dí textualmente: "NUEVAS UNIDADES DE OBRA.- A.1) **DERIVADAS DE LA SITUACIÓN DE LA OBRA.** Al analizar la situación de la obra tras la paralización, se advierten deficiencias y riesgos de caída de la fábrica de termoarcilla, ya que el mortero estaba descomponiéndose y había gran humedad en las fábricas.- A.3) La anterior empresa dejó la obra con una deficiente nivelación de los forjados existentes de la planta baja. Hubo de proceder a la nivelación de todos los forjados", é decir, que deixaron os forxados inclinados onde debían de ter nivel.

Tamén dí: "Con el nº P.C.3 m2 recrecido de mortero de cemento. Si bien en el descompuesto la partida posee un cemento Pórtland, la dirección facultativa entiende que este mortero de cemento con dosificación 1:6 es más económico al planteado por la contrata.- A.4) Se definía una nueva unidad de obra de arreglo de la pintura intumesciente de la estructura metálica. Esta unidad de obra ha tenido que realizarse ya que la obra ha estado cerrada; el tratamiento de esta estructura metálica no puede permanecer a la intemperie por lo que se deshace. Esto es lo que ha venido sucediendo, un continuo desconchamiento. Para ello tuvo que ser reparada y vuelta a imprimar en las zonas más deficientes.- A.5) Se define una nueva unidad de obra (é decir, máis diñeiro) como precio contradictorio para el relleno de tierras ya que la anterior empresa no acopió y se llevó el terreno extraído de la excavación.P.C.14.

2.-EXCESOS DE MEDICIÓN.- Se concentran en las partidas siguientes: partida 05.01: partida que se corresponde con la fachada de termoarcilla. Esta fachada ha tenido que ser demolida y vuelta a reconstruir por su estado deficiente por lo que se ha aumentado su medición.

Bien es cierto que la habilitación del acceso a la gardería por ser urbanización no está prevista económicalemente", é decir, para pór a funcionar a gardería vai facer falta máis diñeiro, vai haber outro incremento dos orzamentos, e nas observacións dí, ó final: " OBSERVACIONES.- 0.1) SOBRE LO INCLUIDO Y NO INCLUIDO EN LA VALORACIÓN. Con estos datos recogidos en este informe del incremento económico se debe concluir además que el garaje no va a quedar operativo ya que faltan aparte de una instalación de ventilación forzada, fundamentalmente los accesos al mismo, y en concreto la rampa, muretes de acceso, ... que no han sido contemplados en proyecto ya que se han



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**considerado urbanización. En esta valoración entregada no se han incorporado. Resta, por tanto, su finalización.**

**0.2) SOBRE LOS PROYECTOS DE EJECUCIÓN REDACTADOS.- Los proyectos de edificación contratados recogían el diseño del edificio y no establecía ni el cierre de la finca ni la urbanización, por lo que no está en proyecto nada de estas partidas".**

Unha vez lido esto, e sabendo que Patricia Alonso Alonso, directora de obras actual, é a mesma arquitecto que leva a dirección da obra dende o principio, lle pregunto Sr.Alcalde ¿qué control houbo sobre esta arquitecto e onde estaba cando se produciron todas estas anomalías, todas estas irregularidades que agora nos van a costar 97.500 euros?, ¿onde está a responsabilidade desta Arquitecto?,¿onde están os responsables políticos desta obra para dar a cara para pagar 97.000 euros?.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Como membros do goberno municipal apoiamos este expediente de crédito. Con relación á Gardería, é unha obra que non hai máis remedio que facer, e nós considerabamos que posiblemente ese non era o lugar axeitado para ubicála pero esa foi unha decisión política que se tomou e dalgún xeito agora hai que sacálala adiante, entendo que é unha obriga deste goberno, ainda que penso que houbera estado moito mellor ó lado do colexio de Covaterreña e non ahí, pero así está ubicada e hai que sacar o tema adiante. Esta construción tivo unha serie de deficiencias, alleas ó Concello, xa que a empresa que tivo a primeira adjudicación foi á baixa, logo houbo unha empresa que non foi capaz, pero así está a Lei de Contratos do Estado e nós moitas veces temos que padecer estas consecuencias e intentar paliar no posible estes temas.

En canto ó que critica o Sr.Lores, portavoz do PSOE, sobre o peche do campo de fútbol do Aral, quero deixar unha cousa clara: ese campo de fútbol está ubicado nunha zona verde, iso nadie o discute; segundo, existen zonas verdes, e poño o exemplo do parque do Retiro, en Madrid, que están pechados pola noite e durante o día se abren ó público; esa vai a ser un pouco a filosofía do campo do Aral xa que é un campo que non vai a permanecer pechado durante o día, soamente é unha medida de protección para evitar que vehículos, ou bicicletas, ou persoas, fagan mal uso desas instalacións durante a noite; iso o pide todo o mundo, o piden os veciños, os usuarios, e a opinión pública en xeral.

Polo tanto non se trata de pechar e de privatizar ningunha zona verde. O que sí precisamente privatizaba esa zona verde era o proxecto que tiña o PSOE para o Aral, cando se pretendía facer un centro comercial ou unhas instalacións en superficie, esas sí que eran pechadas, iso sí que era unha privatización; non é unha privatización unha zona verde tal e como nós a temos enfocada, que por certo, recibe benevolencias por parte de tódolos veciños polo ben que quedou.

En canto ó resto dos puntos entendo que son modificacións normais que se fan no presupuesto; teñan en conta que esta é a cuarta modificación ó longo dun ano tan complexo como é este, que foi un ano electoral, ano no que tiñamos unha serie de obras pendentes, polo tanto creo que este equipo de goberno non abusou á hora de facer modificacións presupuestarias, éste é un tema de rutina e o vamos a aprobar sen ningunha dúbida.

**SR.RODAL, PP.-** Despois do que leíu anteriormente o Sr.Fernández, eu diría que esta obra é unha obra importante que estivo un tempo paralizada e toda obra que esté paralizada obviamente ten uns desperfectos, vostedes o saben perfectamente, como foi cando levaron a Carabela Pinta á Guarda que había un presupuesto creo recordar de 18.000 euros, estivo alí uns meses estancada, non se chegaba a unha solución e ó final por estar estancada ese tempo e á intemperie deteriorouse tamén todala sua estructura e ó final o importe se triplicou respecto ó inicial; vostedes non deron ningunha solución, ata que entramos nós e obviamente a Carabela pudo regresar a Baiona, como tódolos baioneses queríamos.

Quero deixar claro que esta obra é unha obra de gran magnitud, houbo unhas variacións e unhas medicións, e sobre todo houbo bastantes melloras, de ahí este incremento. Moitas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Entendemos que non se exclúen deste paquete os dous conceptos que nos habíamos pedido. Independientemente das críticas que fixo con absoluta xustiza o compaño do BNG sobre o Centro de Primeira Infancia, nós entendemos que este é un centro que hai que rematar porque é un servizo imprescindible, despois xa nos daremos conta de todo o que nos costou e que responsabilidades políticas



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

pudo haber en cada unha das decisións que se foron tomando, pero o que sí é inevitable é que este servizo se poña en funcionamento o máis rápido posible, polo tanto non vamos a facer ningún comentario en canto a este punto, despois farémolo cando sepamos o importe total da Gardería, é algo que sí vamos a ter en conta porque entendemos que aquí vai haber máis gastos que estes áinda todavía, polo tanto vamos a ver en canto estaba presupostado este Centro e canto é o coste final; dáme a impresión de que vai ser un pouco espectacular, pero de iso falaremos no seu día.

En canto ó Convenio da Deputación, o peche do campo do Aral, ahí é onde temos serias dúbidas; primeiro, da legalidade dese peche; e segundo, da hipocresía do actual equipo de goberno. Sendo compañeiros que estabamos no anterior mandato, o Partido Socialista, en varias ocasións, preguntou si se ia pechar o campo do Aral, e o Sr.Vilar e o Sr.Alcalde dixerón rotundamente que non se ía pechar nunca, que sería un campo aberto. Entendíamos daquela que un campo de herba artificial tiña que ter uns coidados e unha protección e falamos xustamente das agresións que sufrira o campo da Madroa, do Celta, no cal entraban bicicletas e motos polas noites, e destruían esa infraestructura, e ó mesmo tempo falamos do perigo que ten o mantemento dun campo deste tipo aberto porque a propia compañía de Seguros non ía cubrir os problemas que houbese nese campo senón estaba pechado, de todo iso nós falabamos antes desta aprobación; pero o empeño, supoño que electoralista, e por un estilo de goberno de ocurrencias, simplemente por ocurrencias, sen ter ningunha base meditada sobre o que ten que ser cada unha das inversións, fixo que este goberno tirara para adiante non facendo caso ás advertencias que por parte do grupo socialista se facían.

Primeiro aprobaron este campo de herba artificial que nós entendíamos que non era o sitio, que tiña que haber un espazo aberto ó público, así era o noso proxecto, non sei si o Sr.Vilar o coñece ou non, pero era un espazo aberto, totalmente, unhas pistas polideportivas, e un Centro de ocio non subsolo; o equipo de goberno tirou polo seu, dunha forma casi irracional tirou por este proxecto e primeiro se aprobou no último Pleno, Sr.Vilar, acordouse un prezo público para a utilización deste campo, polo tanto de utilización pública e libre nada, nada, Sr.Vilar; hai un prezo público para a utilización desta infraestructura e agora vamos a meterlle unha valla e empezaremos a pechalo pola noite e acabará habendo un portero e un muro de formigón.

Esta é a hipocresía e o engano. Nós pretendemos que as cousas sexan claras; daquela lle dixemos que si se había que pechar que se pechara e que entón habería que facer unha modificación puntual e calificar este espazo doutro xeito; falar as cousas ben; plantexen o que teñan que plantexar, pero non vaian pouco a pouco, cada vez que hai un Pleno, metendo unha traba máis para que os veciños de Baiona poidan utilizar dunha forma libre ese espazo, un espazo vital para Baiona, que nós consideramos que é unha perda que se privatice, e vai a ver como ó final deste mandato, Sr.Vilar, lémbrese, vai a estar totalmente privatizado e vai haber unha persoa alí que impida o acceso libre a ese campo. Decímoslo ó principio do mandato; ó final do mandato, Sr.Vilar, falamos de novo, e xa verá como así ocorre, e que para estar alí unha hora haberá que pagar o que se aprobou no último Pleno, non sei si 30 euros, ou o que foxe.

Creo que as cousas hai que decirllas claras e non se pode decir por un lado que se está facendo un espazo verde, libre, de uso de tódolos veciños, e ó mesmo tempo en cada Pleno ir metendo unha condición que limita a entrada; iso é mentir. Primeiro se coloca unha valla que se pechará pola noite ata as 11 da mañán, despois os domingos por si hai algún problema pecharémolo porque xogan pola tarde e pola mañán hai que regálo, así vai ser. Polo tanto, de espazo público, de libre acceso, nada.

Nós non o vamos a admitir; dixemos daquela que recalificaran ese espazo, que o pecharan, e que fixeran as cousas como xa tiñan pensado facélo daquela, o que pasa é que non se atreveron, e cando nós criticamos esta opción vostedes decían que nunca se pecharía e miren, agora está pechado e cobraremos por entrar.

Dixemos tamén que debía retirarse deste paquete o equipamento informático para a oficina de concelleiros. Vamos a ver, neste orzamento nós dixemos que non había inversións, que o único que se estaba facendo era un Orzamento para un mantemento estritamente administrativo, por iso decímos que para eso non facía falta nin equipo de goberno nin concelleiros, para iso había xa unha estructura administrativa no Concello que ia funcionar perfectamente; entón dixemos que había poucas inversións e que o único que se incrementaba eran xustamente os medios para o funcionamento dos concelleiros e os seus salarios; hai que ter en conta que este presupuesto se aprobou o 26 de xullo, no tempo que levamos xa tivo que haber varias modificacións, unha no Pleno seguinte ó de aprobación do Orzamento, e a seguinte modificación coa que nos veñen, que por certo, tampouco teño moi claro cal é a urxencia dun equipamento informático para 15 días, porque isto quedaría hábil o día 10 de decembro e o día 1 de xaneiro xa teríamos outro Orzamento en



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

vigor, ou sexa, que non sei exactamente cal é a urxencia, ou si queren facer algún regalo de Reis administrativo, porque é que non entendemos a que ven esta partida.

Dixemos tamén que o único que había nestes Orzamentos, a base destes orzamentos, onde vostedes gastaban os cartos públicos, era xustamente nas infraestructuras para os concelleiros e nos seus salarios; iso era o único importante deste orzamento; e que botabamos en falta inversións, xustamente inversións que agora se dan de baixa, curiosamente.

Aquí tamén se está ocultando unha falta absoluta de xestión; das poucas inversións que vostedes meteron nos Orzamentos agora estamos dando de baixa 121.000 euros, ou sexa, xa non había e resulta que vostedes o pouco que tiñan non foron capaces de leválo adiante. En canto ós problemas que teñe Covaterreña polos calentadores, nós iamos estar totalmente dacordo en que isto se fixera, pero como hai dous aspectos importantes que non podemos admitir, que son o peche do Aral, que sempre vamos a estar en contra de que a este espazo aberto no centro de Baiona se lle poñan condicións para o seu uso, e outra o equipamento informático para os concelleiros porque nos parece que isto xa é un exceso, porque non hai xestión, o único que hai son salarios e medios informáticos, que vostedes sigan pedindo máis, pois tampouco ten moito sentido. Moitas gracias, vamos absternos neste punto.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Decir que evidentemente botamos en falta neste expediente algún tipo de proxecto ou memoria que nos dixerá como vai a ser o peche do Aral; despois de escoitar ó Sr.Vilar evidentemente é preciso evitar os excesos que se poden producir sobre todo pola noite, pero non sabemos si o Convenio que teñen coa Deputación vai a consistir en levantar un muro de bloques, de perpiaño ou de hormigón, ou si vai a ser un simple peche diáfano; non o sabemos e polo tanto creemos que deberá aportarse no momento que se teña esa documentación a tódolos concelleiros.

En todo caso, co que nunca estaríamos dacordo sería en semiprivatizar unha zona verde; sí de protexer unhas instalacións como o deben de estar en tódolos Concellos, pero obrando con sentido común.

Por outro lado, Sr.Rodal, a Carabela Pinta, si a concelleira do BNG non chega a tomar a decisión de levála a reparar, estaría fundida; seguramente que os arqueólogos que están sacando estes días cerámica da bahía pois sacarían cascallos do cascarón; nós non pudemos afrontar aquel Orzamento porque non tiñamos votos, pero quen sí tivo votos foi o PP que comprando e vendendo votos dos concelleiros con prebendas políticas (se entende, o digo por si hai malos entendidos) pois sí foi capaz de pagálo porque ademais era a sua obriga; pero non vamos a desviar a atención. Evidentemente que cando unha obra está paralizada se deteriora, e más cando está a 50 metros dun rompiente de ondas de auga salada. No informe que fixo a Arquitecta (e seguramente que a sua compañeira de Urbanismo estaba entendendo perfectamente o que eu decía, por iso noto en falta a sua intervención) falaba de que hai forxados que están desnivelados, home, pode ser que o terreo haxa cedido pero iso sería aínda máis grave; tamén dí que no proxecto non se contempla o garaxe, que non vai estar operativo, iso tamén o dí a Arquitecto, non o digo eu; e que non hai diñeiro para a urbanización, tamén o dice ela; e eu volvo a preguntar ¿qué compromisos ten este equipo de goberno coa Arquitecta para cubrirlle as espaldas desta maneira?, porque a arquitecto que firma este informe demoledor sobre o estado actual da obra é a mesma que está dende o primer día dirixindo a obra e creo que tamén é a mesma arquitecta que vai a dirixir a obra do Centro de Día, por isto volvo a preguntar ¿qué compromisos ten o equipo de goberno con Dna.Patricia Alonso Alonso?, non o entendo, quixería que alguén mo explicara porque dende logo a contradicción é manifesta; aquí dí unha cousa totalmente contraria, ¿onde estaba esta Directora cando se executou esta parte da obra?. O Sr.Vilar non nomeou nada do tema porque non sei si é alleo a esta situación ou non quer entrar en materia e nós botamos de menos que alguén nos xustifique como se poden cometer estes errores nestes meses, tanto pola empresa que fixo ata agora esta obra, empresa creo que portuguesa, como a que está agora que tampouco sabemos si está executando as obras correctamente ou non porque a Arquitecta é a mesma, polo tanto isto a nós nos dá unha inseguridade total sobre esta cuestión.

Creemos que a obra debe sair urxentemente, o antes posible, xa que é unha obra moi necesaria pero tamén queremos que se faga con tódalas garantías xa que, entre outras cousas, alí vai haber persoal traballando e moitos nenos; é unha obra delicada e que debe levarse co máximo rigor posible, e as manifestacións desta



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Arquitecto non dicen eso, é decir, nos está decindo que se fixo algo mal cando ela era a responsable de que se fixera ben, non o entendemos, si alguén no lo pode explicar o agradeceríamos. Moitas gracias.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Coincido plenamente con tódolo que dixo Xose Enrique con relación ó tema do peche e para vosa tranquilidade direi que será un valado metálico o que rodeará o campo do Aral; tamén me parece lóxico que querades coñecer o proxecto e non haberá ningún problema en ensinarvolo cando se teña aquí, que están redactando os técnicos da Deputación que son os que levan este tema; pero vai a ser un valado metálico.

Vaise aplicar o que dí o Sr.Fernández: sentido común; sentido común para protexer unha situación delicada especialmente durante as noites; non debemos esquecer que en Baiona estamos sufrindo vandalismo polas noites, especialmente no verán, cando ven o famoso noite-bus que está financiado polo PSOE, que nos está traendo a Baiona toda unha gamberrada, e o día que o noite-bus caia no Aral claro que entón arrasará con absolutamente todo, entón é lóxico que protexamos o campo do Aral do noite-bus que nos envía e financia a política do Goberno galego do PSOE; iso é así e tamén é o motivo fundamental polo que se pecha o campo do Aral.

Repito que o campo do Aral vai a estar con vaia de protección soamente polas noites, durante o día o uso vai a estar controlado para o bó uso das instalacións, si hai unhas pistas de andar e correr, que a xente acuda alí, a andar e correr, co equipamento adecuado; que non acudan en coches, que non acudan en bicicletas; e que a xente xogue no campo de fútbol nos momentos que teña que ser utilizado, con control, que o utilice o Colexio público, tamén os veciños que queran xogar de maneira reglada, por iso hai que controlar o uso dos vestiarios e por iso se puxo unha tarifa, porque os vestiarios supoñen duchas, utilización do campo, etc., e ten que estar sometido a unha tarifa para o bó control; iso é o que di meu amigo e compaño Xose Enrique Fernández, sentido común. Sentido común que temos que aplicar para o coidado e conservación desa instalación, e non se preocupe, vai a ser pública, vai a estar aberta durante o día, e vai a poder ser utilizada. E si algún día vostede ten algún problema na utilización desa instalación eu me poño do seu lado para protestar. Máis aclaracións non lle podo dar.

**SR.ALCALDE.-** Quero facer soamente duas aclaracións a cada ún dos portavoces para que non sexamos hipócritas e sepamos o que votamos, despois non digan “non, queríamos decir que votamos a favor pero votamos en contra”, vamos a deixar o tema ben claro. O que se vai a votar neste punto é unha modificación de crédito para que a Gardería Municipal se remate en plazo e poida ser utilizada o antes posible; non é verdade, como decía Xosé Enrique, que fagan falta más obras para porla en funcionamento, outra cousa é para utilizar o sótano, que eso non é da Gardería municipal.

96.500 euros, máis (o digo polo Sr.Lores) casi 5.000 euros para gastos en Colexios, ou sexa: 102.000 euros van para unha Gardería municipal e os Colexios dun total de 120.000, é decir, estamos falando de que o 90% do gasto vai adicado a esto e o PSOE resulta que se vai abster porque hai duas partidas, unha de 3.000, e outra de 5000, coas que non está dacordo; que sepa o PSOE que vai a votar en contra de sacar a Gardería adiante, ese é o resumo.

Segundo, aclarar ó Sr.Fernández que este equipo de goberno non ten nada absolutamente coa Directora da Obra, Dna.Patricia Alonso, que é unha arquitecta creo que de certo prestixio porque un libro que sacou sobre Arquitectura a Consellería de Cultura, sobre edificios de recente construción ou rehabilitación, fai un mes, hai dous edificios de Baiona que saen nél e ún é o Centro de Saúde, que pode perfectamente sair posto que é unha obra dun arquitecto de prestixio que vai ser un referente a nivel galego e nacional, e as duas obras que saen de Baiona son a Gardería Municipal e o Centro de Día; Dna.Patricia Alonso foi contratada polo PSOE e o grupo BNG cando estiveron no goberno, nós evidentemente non tiñamos nada en contra deste equipo de arquitectos porque creemos que teñen certo prestixio, pero tamén teño que decir unha cousa: que este goberno cando as cousas non se fan ben toma as medidas necesarias, e non creo que haxa moitos Concellos que fagan unha rescisión de contrato cumplimentando tódolos trámites administrativos, levando un informe desta Directora da obra, exhaustivo, sendo aprobado por nós, enviado ó Consello Consultivo de Galicia, e sendo aprobada esta rescisión polo Consello Consultivo de Galicia, evidentemente ¿eso a que levou?, levou a un retraso nas obras e a un deterioro de parte das que se habían feito, ¿qué é o que se quer, continuar adiante pondo paños calientes e demais?, non, cando hai que cortar hai que cortar, e como



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

creemos que o mellor para a obra é facer unhas aportacións adicionais para que os nenos estén seguros e que non haia a máis mínima duda de que isto vai a funcionar e vai a funcionar ben, o vamos a facer. A demagogoxía está moi ben, a hipocresía tamén, pero o que se vai a votar aquí non é o que se quer ver dende o punto de vista dos partidos da oposición senón que se vai votar o que se presenta aquí e o que queda despois por escrito, cal é a financiación do que se vai facer e cales son os obxetivos finais desta modificación de crédito, e evidentemente a urxencia é simplemente porque estamos interesados, supón que tódolos portavoces e tódolos concelleiros do Pleno do Concello, en que a Gardería municipal poida dar o servizo o antes posible, e dende logo, nas mellores condicións posibles.

SR.LORES, PSOE.- Non temos ningún problema en votar que sí salvo eses dous puntos, non vamos a permitir que nos metan nun paquete algo que non ten nada que ver.

SR.ALCALDE.- Quedou clara a sua postura.

SR.LORES, PSOE.- Retire esos puntos, si total é calderilla, retireos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, haberá algún dereito de réplica.

SR.ALCALDE.- Non; eu, como Presidente, fago aclaracións sobre o tema que se trata, houbo xa dous turnos de intervencións, espero que quedara claro o que pensa cada grupo e agora se procede á votación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non vamos a votar entón, Sr.Alcalde.

---

**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMN), producíndose 6 abstencións (4,PSOE, 2,BNG).**

---

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

**APROBA-LO EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITO NUM. 4/07, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CREDITO POR IMPORTE DE 121.819,84 EUROS DESTINADO Á FINANCIACION DE INVERSIONS.**

---

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Queremos unha explicación de voto. Temos dereito a explicar porque motivo nos abstemos.

**SR.ALCALDE.**- Non procede, tiveron 2 turnos para explicar o seu voto.

**2.-APROBACION, SE PROCEDE, DA RESOLUCION DO RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POLA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SEGUROS E REASEGUROS DE CREDITO Y CAUCION S.A. CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 26.07.2007.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Secretaria, quen da conta da seguinte:

**PROPIUESTA DE ALCALDÍA**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**Asunto.- Resolución del recurso de reposición interpuesto por Compañía de Seguros e Reaseguros de Crédito y Caución contra acuerdo plenario de fecha 26/07/2007.-**

**ANTECEDENTES**

1.- El Pleno del Ayuntamiento de Baiona en sesión celebrada el 19 de septiembre de 1991 aprobó el Pliego de cláusulas administrativas que rigió el concurso para la construcción y explotación de un aparcamiento de vehículos en Baiona.

2.- El pleno de la Corporación en sesión de 29 de noviembre de 1991 adjudicó a la empresa GGP 1 SL el concurso para la construcción y explotación de un aparcamiento de vehículos en Baiona.

3.- El Pleno 17 de junio de 1992 aprueba el proyecto de la obra y concede licencia para el inicio de las obras.

4.- El 14 de mayo de 1993 el arquitecto director de las obras emite certificación final de obras procediéndose el 18 de mayo de 1993 a la recepción provisional de las obras.

5.- En fecha 8 de mayo de 1995 el juzgado de primera Instancia número tres dicta auto por el cual “ Se declara en estado de quiebra necesaria a la entidad G.G.P. UNO S.L con todas sus consecuencias legales, retrotrayéndose los efectos e esta declaración al día 20 de abril de 1993..”

6.- El Pleno del Ayuntamiento de Baiona en sesión de 14 de julio de 1995 adoptó el siguiente acuerdo

*“Declarar extinguido el contrato de concesión del aparcamiento de La Palma con al empresa GGP 1 SL sin derecho a indemnización alguna, al haber incurrido en el supuesto de extinción del contrato previsto en la Cláusula 53.1.a) del Pliego de condiciones que rigió el concurso para la concesión”.*

Contra dicho acuerdo, D. Jesús Valverde Fernández y Jesús Enriquez Colmeiro E/R GGP 1 SL y representante legal de INTERNATIONALE NEDERLANDEN LEASE ESPAÑA. anuncian la interposición de sendos recurso contencioso administrativo.

7.- La Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia en sentencia en fecha 12 de mayo de 1998 núm. 412/1998, recurso núm. 5.545/95 interpuesto por GGP 1 SL, en quiebra, emite el siguiente fallo” estimar, en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto por GGP 1 sl, en quiebra, contra acuerdo del ayuntamiento de Baiona de 14 de mayo de 1995, que declaró extinguido el contrato de concesión de aparcamiento La Palma celebrado con la empresa recurrente y declaramos la nulidad parcial del expresado acuerdo en cuanto al expresar que la extinción de la concesión es sin derecho a indemnización no deja a salvo el derecho de la recurrente a percibir el justiprecio de la concesión;”

